

2.2. Explique as consecuencias demográficas, económicas e sociais da emigración, así como a política migratoria española (2,5 puntos).

A inmigración produce consecuencias demográficas na estrutura da poboación en España. Dado que a meirande parte da poboación inmigrante corresponde ao sector da poboación adulta xove, a consecuencia máis inmediata é o aumento da proporción deste grupo de idade que provocará un incremento da natalidade nese grupo -con respecto á media, por mor dunha maior fecundidade (aínda asociada a poboacións de trazos tradicionais, máis proclives a familias con máis fillos). A poboación inmigrante é máis nova con respecto á media, a súa pirámide é de tipo relativamente estable, fronte ao avellentamento da pirámide da poboación nacional.

A nivel económico, un país avellentado como España precisa cada vez máis do aporte da poboación estranxeira para soste a forza de traballo necesaria de cara a manter o Estado do Benestar. Por iso, en moitos sectores claves -nos que se produce un abandono por parte da poboación autóctona, como a agricultura, a construción e os servizos-, o aporte laboral da poboación inmigrante resulta esencial de cara ao funcionamento do tecido produtivo: o traballo nas granxas da Terra Cha, nas superficies baixo plástico do Campo de Dalías almeriense, o coidado de maiores e os servizos de atención doméstico en casas de maiores resultan exemplos paradigmáticos destas necesidades básicas ás que atende boa parte da poboación inmigrante.

A nivel social, a inmigración produce e producirá cambios sociolóxicos no territorio. Pode que a inmigración sexa o inicio dunha verdadeira sociedade “melting pot” que avance na mestizaxe e na integración, fomentando a interculturalidade e os valores de tolerancia que políticas proteccionistas en avance non atenden na actualidade. A globalización fará medrar as migracións e a mestura social. Máis do 3% da poboación do mundo vive fóra do seu lugar de orixe (en España ben máis), e esta porcentaxe non debería deixar de incrementarse en contextos de cambio ambiental por mor do quecemento climático.

A Unión Europea e España levan a cabo un proceso de regulación para controlar a entrada da inmigración africana, que atopa moitas dificultades e limitacións para obter o permiso de inmigración e de traballo. Estas persoas poden entrar no país como turistas ou a través das mafias ou redes clandestinas de transporte de inmigrantes. Viaxan en pateras ou caiucos, ou agochados en camiións co risco que iso implica para as súas vidas. Desde hai unha década, endurecéronse os requisitos para conseguir a nacionalidade española, mais en 2020 continuaba a ser o país da UE -tras Italia- con maior número de concesións. As reivindicacións da dereita populista de endurecer as condicións de permanencia da inmigración irregular chocan actualmente coas propostas máis progresistas de inclusión e reparto dunha inmigración que medra cada ano, como xa se detecta nos centros de acollida de migrantes de Canarias e Andalucía. Despois de varias regularizacións de inmigrantes, o problema non deixa de medrar por mor da maior afluencia de persoas que desexan utilizar España como ponte para acceder á Europa continental.